

ACTA

Expediente nº:	Órgano Colexiado:
JGL/2025/14	A Xunta de Goberno Local

DATOS DE CELEBRACIÓN DA SESIÓN

Tipo Convocatoria	Extraordinaria
Data	22 de abril de 2025
Duración	Dende as 13:50 ata as 14:15 horas
Lugar	Sala de Reunións
Presidida por	Paula Mª Fernández Pena
Secretaria	Déborah García Suárez
Interventor	Leopoldo Moure Dopico

ASISTENCIA A SESIÓN

Nome e Apelidos	Asiste
Estefanía Taín Surribas	SÍ
Manuel Requeijo Rey	NON
María Asunción García Hernández	SÍ
Mónica González Conde	SÍ

Unha vez verificada pola Secretaría a válida constitución do órgano, a Presidenta abre sesión, procedendo a deliberación sobre os asuntos incluídos na Orden do Día

A) PARTE RESOLUTIVA

Aprobación da acta da sesión anterior: 11.04.2025

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade, acorda prestar aprobación á seguinte Acta: - 11 de abril de 2025.

Expediente 562/2025. CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL E SILLEDA

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vista a intensa labor cultural que realiza a Banda de música Municipal de Silleda.

Visto o programa presentado pola entidade para o ano 2025 e o traballo didáctico que ven desenvolvendo nos últimos anos a través da Escola de Música de Silleda.

Visto o necesario apoio do Concello de Silleda a este tipo de iniciativas, para a promoción e difusión da música e da cultura.

Visto que dita subvención nominativa foi publicada no BOP de Pontevedra nº 30 do 13 de febreiro de 2025 no anexo de subvencións nominativas.

Visto que transcorrido o prazo de 15 días da aprobación inicial non se presentaron alegacións e o acordo se aprobou definitivamente.

Visto o informe favorable do funcionario do departamento municipal de Cultura, Turismo, Deporte e Participación.

Visto o convenio proposto que se transcribe a continuación:

“CONVENIO DE COLABORACION ENTRE O CONCELLO DE SILLEDA E A BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE SILLEDA

En Silleda, á data da sinatura electrónica

*Dunha parte, D^a. **Paula María Fernández Pena**, actuando como Alcaldesa-Presidenta no seu nome e representación do **Concello de Silleda**, con CIF 3605200-I*

*Doutra parte, D. **José Herminio Gómez Frade**, con DNI 76*****, como representante legal e en calidade de Presidente da **Asociación Cultural Banda de Música Municipal de Silleda**, con CIF G-36266682*

Dando fe do acto, a Secretaria Xeral da Corporación, Déborah García Suárez

As partes se recoñecen a capacidade xurídica necesaria para subscribir o presente convenio e

EXPOÑEN:

Concello de Silleda

Primeiro.- Finalidade e obxectivos.

A Banda de Música Municipal de Silleda é a día de hoxe un dos colectivos culturais máis significados do municipio, pola súa traxectoria e tamén polo número de actividades que organiza e a repercusión das mesmas. Así mesmo, a Banda tense convertido nun dos mellores embaixadores do municipio, ademais de ser a entidade promotora dunha das iniciativas con máis éxito no eido cultural: a creación da Escola de Música Municipal, hoxe con máis de 200 alumnos e alumnas.

Atesourando máis de 130 anos de historia, a Banda de Música Municipal de Silleda vense significando polo pulo renovador que está a vivir nas últimas décadas, coa organización de eventos xa consolidados (Día da Música ou o Concerto de Nadal) e que reúnen a milleiros de persoas. A súa exitosa participación en distintos eventos nacionais e internacionais, súmase á exitosa traxectoria da Banda, que logrou tamén implicar á veciñanza de Silleda cos seus novos proxectos.

Todas as actividades, concertos e festivais que organiza a Banda de Música Municipal de Silleda supoñen un importe esforzo económico ao longo do ano para esta agrupación.

Tendo en conta a importancia da Banda na sociedade, e a repercusión a nivel cultural así como a destacada labor que realiza no plano didáctico, a finalidade deste convenio é axudar á financiación dos custos que supoñen para a agrupación a organización de actividades así como a súa participación noutras iniciativas que puideran xurdir.

Segundo.- Financiamento.

O proxecto será financiado con cargo a partida 334.48 (Subvencións Asociacións Culturais) do orzamento municipal de Silleda por importe de 20.000 euros (vinte mil euros).

Terceiro.- Competencias municipais.

De conformidade cos artigos 25.2 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local os municipios exercerán en todo caso como propias, nos termos establecidos pola lexislación estatal e autonómica, competencias en materia de promoción do deporte.

Cuarto.-Natureza

O presente convenio ten natureza de convenio entre administracións públicas e suxeitos de dereito privado de conformidade co apartado 47.2 c) de la Lei 40/2015 e se realiza ao amparo da mesma.

Quinto.- Necesidade y oportunidade.

Este convenio ten como obxectivo regular a subvención nominativa para o ano 2025 con cargo á partida 334.4

Sexto.-Interpretación.

As dúbidas relacionadas co contido deste convenio serán interpretadas polo Alcalde do Concello de

Silleda.

Así pois, de conformidade co anteriormente exposto, as partes acordan subscribir o presente convenio, que se rexerá polas seguintes cláusulas:

CLÁUSULAS

1.- Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito (art. 49 c) Lei 40/2015)

O presente convenio ten por obxecto regular a colaboración entre o Concello de Silleda e a Banda de Música Municipal de Silleda, no ámbito da promoción e dinamización cultural.

2.- Obrigas e compromisos económicos asumidos polo concello (art. 49 d) Lei 40/2015)

Mediante o presente convenio de colaboración se acorda a aportación de 20.000 € con cargo ao orzamento do Concello de Silleda.

3.-Consecuencias por incumprimentos das obrigas e compromisos asumidas polas partes (art. 49 e) de la Lei 40/2015)

O incumprimento por parte de calquera das partes das súas obrigas dará lugar la correspondente indemnización, sen prexuízo da posible resolución do mesmo de acordo co establecido na cláusula sétima.

4.- Réxime de modificación do convenio (art. 49.g) da Lei 40/2015)

A modificación do convenio requirirá acordo unánime das partes asinantes

5.- Prazo de vixencia do convenio (art. 49.h) da Lei 40/2015)

O convenio estará vixente dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2025.

6.- Extinción (art.51 de la Lei 40/2015)

O presente convenio se extinguirá polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incorrer en causa de resolución.

Serán causas de resolución:

- O transcurso do prazo de vixencia.
- O acordo unánime de todas as partes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por algunha das partes.
- Por decisión xudicial declaratoria de nulidade
- Calquera outra prevista nas leis.

7.- Efectos da resolución do convenio (art.52 de la Lei 40/2015)

Cando a extinción veña causada polo incumprimento dunha das partes esta deberá indemnizar ás

restantes o dano causado.

8.- Obrigación de colaboración das partes.

As partes se obrigan a colaborar no que fose necesario e a actuar de boa fe nas súas relacións recíprocas no que atinxe á execución do presente convenio.

9.-Obrigas do beneficiario.

Son obrigas do beneficiario:

- 1.- Realizar as actividades para as que se concede a subvención.*
- 2.- Dar unha adecuada publicidade á actividade indicando que a actividade subvencionada conta co financiamento do Concello de Silleda.*
- 3.- Xustificar perante o Concello de Silleda o cumprimento dos requisitos e condicións que sexan esixibles segundo a normativa aplicable, así como a realización das actividades para as que se concede a subvención.*
- 4.- Someterse ás actuacións de comprobación e control que sexan requiridas polos órganos municipais.*
- 5.- Comunicar ao Concello de Silleda a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, antes da xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.*
- 6.- Acreditar con anterioridade a ditarse a resolución de concesión que se encontra ao corrente do cumprimento das obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.*
- 7.- Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable, ou no seu caso, os estados contables que garantiren o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.*
- 8.- Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, en tanto poidan ser obxecto das actuacións de control e comprobación.*
- 9.- Proceder ao reintegro dos fondos públicos percibidos nos supostos contemplados no artigo 37 da Lei Xeral de Subvencións.*

10.-Gastos subvencionables.

Considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubitada respondan á natureza da actividade subvencionada (definida na cláusula segunda deste convenio), e que se realicen no prazo establecido (dende o 30 de novembro de 2024 ata o 31 de decembro de 2025).

Segundo o establecido no artigo 31.2 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións, entenderase gasto realizado o que fose efectivamente pagado pola entidade beneficiaria da subvención con anterioridade á finalización de

período de xustificación.

11. Xustificación.

A xustificación do cumprimento das condicións impostas e da consecución dos obxectivos previstos na concesión da subvención documentarase a través da rendición da conta xustificativa, que constitúe un acto obrigatorio do beneficiario, no que se deben incluír, baixo a responsabilidade do declarante, os xustificantes do gasto ou calquera outro documento con validez xurídica que permita acreditar o cumprimento do obxectivo da subvención.

Esta conta xustificativa deberá recoller:

1.Facturas regramentarias (con todos os requisitos esixidos polo R.D. 1496/2003) ou documentos do valor probatorio equivalente no tráfico mercantil.

2.Unha memoria na que se declararán as actividades realizadas que foron financiadas coa subvención, e o seu custo, co detalle de cada un dos gastos nos que incorra.

3.Certificado asinado polo responsable da entidade beneficiaria de que a subvención se destinou aos mesmos fins para os que foi solicitada e concedida.

4.Certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

5.Certificado das subvencións e/ou concedidas para a mesma finalidade.

6.Os gastos de persoal se acreditarán mediante:

- Nóminas.*
- Documentos TC-1 e TC-2 acreditativos de cotización á seguridade social.*
- Documentos 111 e 190 acreditativos do pago do IRPF.*
- Partes horarios.*

Nesta conta xustificativa deberá quedar suficientemente acreditado que os gastos subvencionados foron efectivamente pagados pola entidade beneficiaria.

Poderán presentarse ata dúas xustificacións parciais, ademais da xustificación final, sen posibilidade de prórroga.

12.-Publicidade.

O Concello de Silleda, terá a consideración de patrocinador institucional da Banda de Música Municipal de Silleda, podendo utilizar dita denominación, así como o seu logotipo, en calquera das accións de comunicación que realice en relación co presente patrocinio. Tamén por parte da entidade beneficiaria se incluírá o logo do Concello de Silleda nos carteis, publicacións ou outro material promocional no que se den conta das actividades subvencionadas.

13.- Réxime xurídico

O presente convenio ten natureza administrativa conforme ao disposto no Capítulo VI do Título Preliminar da Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público.

As cuestións litixiosas que xurdan entre as partes na execución do convenio e que non poidan ser resoltas na Comisión de seguimento prevista na cláusula 4, se someterán a xurisdición contencioso-administrativa, conforme ao disposto na Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Para todo o non previsto no presente convenio será de aplicación a Lei 40/2015 de Réxime xurídico do Sector Público, así como calquera outra disposición que puidera resultar de aplicación.

As aportacións realizadas polos Concello se rexerán pola normativa reguladora das subvencións públicas.

En proba de conformidade, se formaliza e firma o presente convenio, en Silleda, á data da sinatura electrónica.

*José Herminio Gómez Frade
Presidente da Banda Municipal de Silleda*

*Paula Mª Fernández Pena
Alcaldesa Concello de Silleda*

*A Secretaria
Déborah García Suárez"*

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO: Aprobar o Convenio de Colaboracion entre o Concello de Silleda e Banda de música Municipal de Silleda para o ano 2025, cun importe de 20.000 euros, e que asinaran a alcaldesa, Paula Fernandez Pena, en representación do Concello, e o presidente da agrupación bandística, José Herminio Gómez Frade

SEGUNDO: Dar conta do presente convenio ao departamento de Intervención.

Expediente 1704/2021. SOLICITUDE DE TRANSMISIÓN DE AUTORIZACIÓN DE XESTIÓN DO PUNTO LIMPO CARA A EMPRESA UTE-SILLEDASOSTIBLE

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que o Concello de Silleda conta con Autorización, da Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia desde o 25 de marzo de 2019, como xestor de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos e inscrición no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia do Punto Limpo do Concello de Silleda (SC-I-NP-XA-00187 e SC-RP-P-XA-00138)

Visto que con data 27/07/2022 o Concello de Silleda asinou coa UTE SILLEDASOSTIBLE

contrato de SERVIZO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS E XESTIÓN DO PUNTO LIMPO NO CONCELLO DE SILLEDA.

Visto que de acordo co Decreto 174/2005, do 9 de xuño polo que se regula o réxime xurídico da produción e xestión de residuos e o Rexistro Xeral de Produtores e Xestores de Residuos de Galicia, débese transmitir a Autorización do Concello de Silleda como xestor de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos e inscrición no rexistro xeral de produtores e xestores de residuos de Galicia do Punto Limpo do Concello de Silleda (SC-I-NP-XA-00187 e SC-RP-P-XA-00138) a UTE SILLEDA SOSTIBLE, durante o tempo de vixencia do contrato de servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo no concello de Silleda.

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Solicitar a Dirección xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático da Xunta de Galicia a transmisión da autorización como xestor de almacenamento de residuos perigosos e non perigosos do Punto Limpo do Concello de Silleda (SC-I-NP-XA-00187 e SC-RP-P-XA-00138) á UTE SILLEDA SOSTIBLE polo tempo de vixencia do contrato de servizo de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos e xestión do punto limpo no concello de Silleda.

EXPEDIENTE 1028/2024. CONTRATACIÓN. MODIFICACIÓN Nº1 DO PROXECTO DE CONSTRUCCIÓN DAS OBRAS DE “INSTALACIÓN DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Visto que a Xunta de Goberno Local, en sesión celebrada o 04 de outubro de 2024, acordou:

*“Adxudicar a **URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L.** con N.I.F. B-44952430, o contrato de obras denominado **“INSTALACIÓN DE DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”**, por importe de 44.900,00 euros, ao que corresponde por IVE a contía de 9.429,00 euros, totalizándose a oferta en 54.329,00 euros, o ser a empresa que presentou a oferta economicamente mais ventaxosa.*

Comprometéndose a executar a mellora recollida no prego de cláusulas administrativas,relativa:

MÓDULO DE SKATE, 0.90x2.44x2.95 m, i/varanda

Subministración e instalación dun módulo igual a un dos definidos no proxecto referenciado:

Módulo de Skate de 0.90 m de altura, 2.44 m de anchura e 2.95 m de lonxitude, mesmo varanda, acreditado e homologado, segundo a normativa vixente UNE-EN 14974:2021, totalmente instalado e coas seguintes características:

SUPERFICIE DE RODADURA

Taboleiro termosellado en prensa hidráulica, composto de taboleiro de bidueiro 18mm HPL100 de 6mm de espesor. Os bordos non visibles dos taboleiros están protexidos cunha capa fenólica e pintura mariña antihumedad.

ESTRUTURA

Tubo estrutural galvanizado en quente de 40x40x2. Dispón de costelas lonxitudinais espazadas en 300mm. As unións dos subconxuntos estruturais están soldados e protexidos mediante pintura galvanizada. Acoraxes da estrutura ao chan mediante spits. Dispón de 4pletinas perforadas de ancoraxe. Cerramentos laterais de chapa de aceiro galvanizado en quente, con achega de silicona no marco.

COPINS

Tubo de aceiro galvanizado en quente de Ø60X3, reforzo metálico de entrada e saída integradas á estrutura encartadas para evitar arestas vivas visibles e accesibles.

TRANSICIÓN

Chapa encartada e soldada na estrutura para evitar arestas, visibles e accesibles, de aceiro galvanizado de 3mm de espesor.

VARANDAS DE SEGURIDADE

Varandas de protección integradas na estrutura mediante parafusos DIN 86 ou DIN 603 e porcas DIN 1587 m10 cun enreixado de 5x50x50 zincado. Os tubos son de aceiro galvanizado en quente de D40x2. Pintadas con epoxi para protexer superficies que requiren un extra de protección.

SEGUNDO.- *Dispor o gasto por importe de 54.329,00 euros con cargo á aplicación 342-609do orzamento prorrogado para o exercicio 2024.*

TERCEIRO.- *Notificar o presente acordo aos interesados no expediente administrativo, de conformidade co disposto no artigo 155 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público -LCSP 2017 e a URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L. con N.I.F. B-44952430, adxudataria do contrato, indicáraselle que a formalización do contrato terá lugar nun prazo máximo de 15 días.*

CUARTO.- *Publicar a formalización do contrato no Perfil do Contratante aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público.”*

Visto que con data 23 de outubro de 2024 asinouse o contrato.

Visto que por Resolución da Alcaldía n.º 2025-0037, de data 13 de xaneiro de 2025, adxudicouse o contrato menor de servizos a ROMÁN GÓMEZ FRAIZ, con D.N.I. número ***416***, en representación da empresa Consultoría y Diseño de Infraestructuras Civiles, S.L. -CODINCI Ingeniería Municipal, para a Dirección de Obra e a Coordinación de Seguridade e Saúde da “INSTALACIÓN DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”.

Visto que por Resolución da Alcaldía n.º 2025-0047, de data 15 de xaneiro de 2025, aprobouse o

PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE: da INSTALACIÓN DE DE SKATEPARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA , co informe favorable do coordinador de seguridade e saúde.

Vista a Acta de Comprobación de Replanteo, de data 22 de xaneiro de 2025, asinada polo Director da Obra e o representante da empresa adxudicataria, na que fan constar que *“observada la superficie pavimentada en la que se pretende la implantación de la pista multideporte, aquella no se considera apta para la práctica deportiva segura debido a las deformaciones superficiales existentes”*.

Visto que mediante escrito con Rexistro de Entrada 2025-E-RE-617, de data 15 de abril de 2025, pola Dirección de Obra preséntase solicitude de autorización para a redacción do modificado N°1 ó proxecto, sinalando:

“El Director de las Obras considera que las causas descritas que han motivado las modificaciones se ajustan:

1. A lo establecido en el Artículo 205 de la Ley 9/2017 LCSP, del 8 de noviembre de 2017.

La valoración aproximada de las reducciones de las variaciones que se considera necesario introducir en el proyecto modificado nº 1 se estiman en DIECIOCHO MIL QUINIENTOS CINCUENTA Y NUEVE EUROS CON ONCE CÉNTIMOS (- 18.559,11 €), presupuesto líquido sin IVA, lo que representa una reducción del 38,73% del presupuesto base de licitación sin IVA.

Por todo ello, y en cumplimiento del artículo 242 de la Ley 9/2017 LCSP ,del 8 de noviembre 2017, se solicita al Órgano de Contratación:

1. La autorización para el inicio del Expediente de Modificación N°1 del Proyecto de Construcción de las obras de “INSTALACIÓN DE SKATE PARK Y PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”, así como la necesaria audiencia al Contratista en los términos establecidos en el artículo 242.5 b) de la Ley 9/2017 LCSP, del 8 de noviembre 2017.”

Polo exposto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

Primeiro.- Autorizar o inicio do Expediente de Modificación N°1 do Proxecto de Construcción das obras de “INSTALACIÓN DE SKATE PARK E PISTA MULTIDEPORTIVA EN SILLEDA”.

Segundo.- Notificar este acordo a Dirección de Obra e a empresa adxudicataria, URBANISMO TÉCNICO SOSTENIBLE, S.L., concedendo unha audiencia a este último nos términos establecidos no artigo 242.5 da Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, de data 8 de novembro de 2017.

EXPEDIENTE 588/2025. CONTRATACIÓNS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA, SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos que distintos camiños municipais da parroquia de CIRA sofren un deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por D. Miguel A. Fernández Rivera.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, polo enxeñeiro D. Miguel A. Fernández Rivera, cun presuposto base de licitación de 421.290,24 €

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que, en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada " MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN CIRA, SILLEDA ", conforme ao proxecto redactado por D. Miguel A. Fernández Rivera.

SEGUNDO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público

CUARTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

EXPEDIENTE 596/2025. CONTRATACIÓNS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN

DORNELAS, SILLEDA.

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

Vistos que distintos camiños municipais da parroquia de DORNELAS sofren un deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, polo enxeñeiro D. Román Gómez Fraiz, con data de 4 de abril de 2025, e cun presuposto base de licitación de 231.055,73 €.

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que, en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada " MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN DORNELAS, SILLEDA ", conforme ao proxecto redactado por D. Román Gómez Fraiz.

SEGUNDO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

EXPEDIENTE 598/2025. CONTRATACIÓNS. MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PONTE, SILLEDA.**Favorable****Tipo de votación:** Unanimidade/Asentimento

Vistos que distintos camiños municipais da parroquia de PONTE sofren un deterioro de relevancia tal que xustifican a necesidade de levar a cabo as accións que se determinan no proxecto redactado por Don Román Gómez Fraiz.

Visto que para tal fin foi redactado o proxecto técnico correspondente, polo enxeñeiro D. Román Gómez Fraiz, con data de 4 de abril de 2025, e cun presuposto base de licitación de 370.913,35 €

Visto que consta no expediente o informe sobre as autorizacións sectoriais necesarias para a execución das obras.

Visto o informe no que se establece que a obra non afecta á estabilidade, seguridade e estanqueidade da obra, e que a o orzamento base de licitación do contrato de obras non é igual ou superior a 500.000 euros, IVE excluído, non resulta necesaria a supervisión do proxecto de conformidade co disposto no artigo 235 do LCSP.

Visto que consta no expediente a acta de trazado previo, cumpríndose os requisitos establecidos pola normativa vixente.

Visto que, en consecuencia, pode procederse a iniciar o correspondente expediente de contratación para a execución das obras conforme á normativa de contratación do sector público.

A tal efecto, a Xunta de Goberno Local, ao abeiro das competencias delegadas pola Alcaldesa na resolución do 31 de xaneiro de 2024, **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar o inicio do expediente de contratación da obra denominada " MELLORA DE CAMIÑOS MUNICIPAIS EN PONTE, SILLEDA ", conforme ao proxecto redactado por D. Román Gómez Fraiz.

SEGUNDO.- Ordenar que se redacten os correspondentes pregos de cláusulas administrativas particulares que rexerán o contrato e o proceso de adxudicación.

TERCEIRO.- Solicitar á Secretaría municipal que proceda a emitir informe xurídico preceptivo relativo a aprobación dos pregos de cláusulas administrativas particulares, de conformidade co artigo 122.7 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, e da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.

CUARTO.- Solicitar á Intervención municipal que se proceda á fiscalización do contido de ditos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares, aos efectos previstos no apartado 3 da Disposición Adicional Terceira da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.



DOCUMENTO ASINADO ELECTRÓNICAMENTE

Concello de Silleda

Rúa Progreso, 41, Silleda. 36540 (Pontevedra). Tfno. 986580000. Fax: 986581021